

**AXUDAS LIBROS CURSO 2 022/2 023**  
**(Orde do 6 de maio de 2021 – DOG nº 93 de 6/05/21)**

No Diario Oficial de Galicia do 18 de maio de 2022 sae publicada a Orde do 29 de abril pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar. Novidades destacables na convocatoria para o **curso 22/23**:

- \* **FONDO SOLIDARIO libros de texto: O alumnado de 3º e 4º. (En 5º e 6º temos o proxecto E-Dixgal)**
- \* **Axudas para adquirir libros de texto: 1º e 2º de EP e Educación Especial.**
- \* **Axudas para adquirir material escolar: de 1º a 6º de EP e EE.**

### **Obrigas das persoas beneficiarias:**

- **Devolver** os libros de texto adquiridos coas axudas ou recibidos do fondo solidario no curso 21/22  
Exclúese desta obriga ao alumnado de 1º e 2º de educación primaria, así como o de educación especial e aquel **cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, nos casos en que o material adquirido con cargo á axuda non poida ser reutilizado.**
- **Conservar** en bo estado os libros recibidos ou adquiridos coas axudas.
- **Destinar** o importe dos libros a adquirir libros de texto e o do material para material.

**Prazo: do 19 de maio ao 22 de xuño**

### **Documentación:**

1. **Presentarase UNHA solicitude única para todos os fillos/as matriculados no Centro**, debidamente cuberta e asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado (**ANEXO I**) e (**ANEXO II**) que é a comprobación dos datos dos membros computables da unidade familiar.
2. **Fotocopia do libro de familia** (todos os membros da unidade familiar)  
No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar non coincide coa reflectida no libro a 31 de decembro de 2020, presentarase un dos seguintes documentos:
  - \* Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador.
  - \* Certificado ou volante de convivencia
  - \* Informe dos servizos sociais

#### No caso de **discapacidade**:

- \* Certificado do grao de discapacidade

No caso de situación de **violencia de xénero**, documentación acreditativa.

### **Contía das axudas:**

Libros de texto: (para 1º, 2º e neae)

Renda per cápita familiar ata 6.000 €: 210 €

Renda per cápita familiar desde 6.000,01 € ata 10.000 €: 140 €

Material escolar: (Para 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º) Renda per cápita familiar inferior ou igual a 6.000 €: 50 €

### **CÁLCULO DA RENDA PER CAPITA FAMILIAR:**

Hai que **sumar** os **recadros 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible de aforro)** da **declaración da renda de 2 020** e **dividir** esa cantidade **entre o número de membros da unidade familiar**. (No caso de discapacidade dalgún membro, conta por dous)

Se houbese máis dun membro con ingresos na unidade familiar habería que **sumar** o importe deses recadros de todos eles e logo facer a división.

**A ausencia de declaración fiscal implica a consulta do “Certificado tributario de imputacións “no exercicio 2020 que deben solicitar en facenda).**

Na páxina web do colexio atoparán un enlace para obter máis información e impresos:

<http://www.edu.xunta.es/centros/cepneiravilas>